

Curso 2020-2021

PROGRAMA DE ACOLLIDA



O equipo directivo elaborará un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, alomenos, dos seguintes aspectos:

- a) Normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

1. Normas de organización e funcionamento do centro

Hora de entrada	Apertura de portas ás 08:50 horas. O alumnado irá entrando individualmente ás aulas mantendo as distancias de seguridade.
Hora de saída	<ul style="list-style-type: none">• Educación Infantil: a partir das 13:30• 1º Primaria: 13:55• 2º, 3º e 4º de Primaria: 13:45• 5º e 6º de Primaria: 14:00
Recreo	<ul style="list-style-type: none">• Educación Infantil: de 11:00 a 11:30• Educación Primaria: a partir das 11:30 ata as 12:20
Zonas de recreo	<p>Cada grupo ten asignado un espazo e un horario distintos, repartidos entre:</p> <ul style="list-style-type: none">• Dúas pistas polideportivas• Dous patios vallados de Educación Infantil• Pista polideportiva cuberta (dividida en dous espazos)• Zona de xogos de Educación Primaria <p>Do mesmo xeito, cada grupo ten unha alternativa para tempo de choiva:</p> <ul style="list-style-type: none">• Patios cubertos de entrada de Educación Infantil• Porticado de Primaria
Garda de entrada	<p>Todos os mestres terán un lugar asignado:</p> <ul style="list-style-type: none">• Nas aulas esperarán os titores ou especialistas que teñan clase a primeira hora no grupo• Un mestre en cada punto de acceso ó recinto escolar• Un mestre en cada porta de acceso ó edificio de Primaria
Acompañamento do alumnado	Non se permitirá o acceso das familias ó recinto, excepto ata os lugares indicados en Educación Infantil.
Titorías	Potenciaranse as titorías telemáticas e as comunicacións a través de Abalarmóbil.
Biblioteca	<ul style="list-style-type: none">• O empréstimo será manual, asignando caixas de documentos a cada aula que deberán pasar unha corentena semanal.• Non se permitirá o acceso durante os recreos.• Os empréstimos faranse baixo demanda.• Potenciarase o uso da Biblioteca Creativa coa proposta de tarefas para grupos estables a realizar durante varias sesións seguidas.
Aulas de Informática	<ul style="list-style-type: none">• Potenciarase o uso dos recursos dixitais e a adquisición das competencias dixitais.• Asignaranse espazos para evitar compartir aula cun elevado número de grupos.<ul style="list-style-type: none">• Actual Aula de Informática: alumnado de 2º e 3º de Primaria• Nova Aula de Informática: alumnado de 4º de Primaria• Biblioteca: alumnado de 1º de Primaria• Propias aulas: 5º e 6º de Primaria (ordenadores edixgal)• Asignarase a cada grupo de alumnos un día e varias sesións seguidas, para non compartir instalacións con outros grupos.
Aula de Relixión	<p>Para evitar o traslado do alumnado entre andares, estableceranse os seguintes espazos para impartir a clase de Relixión:</p> <ul style="list-style-type: none">• alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria: Aula de Relixión• alumnado de 2º e 3º de Primaria: Aula de Inglés• alumnado de 1º de Primaria: Ludoteca

Aseos	<ul style="list-style-type: none"> • De 1º a 3º de Primaria asignaranse aseos exclusivos para cada aula • Limitarase o aforo en cada aseo, procedendo ó peche da metade dos lavabos, inodoros e urinarios. • O alumnado que acuda a EF non utilizará os vestiarios do soto, nin os aseos anexos, por ser de uso exclusivo do alumnado de 1º.
Circulación polo centro	<ul style="list-style-type: none"> • Cada nivel ten asignada unha entrada e saída de evacuación. • Nos corredores estará sinalado un itinerario de ida (cor vermella) e de retorno (cor azul). • O acceso ó Ximnasio será exclusivamente polas escaleiras máis próximas ó Ximnasio. • O acceso á Biblioteca farase a través das escaleiras principais. • O acceso ó Comedor (dende 1º de Primaria) farase a través das escaleiras principais. • O acceso ó Comedor do alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria farase a través das escaleiras máis próximas ó Comedor.
Actividades internivelares	<ul style="list-style-type: none"> • Non se levarán a cabo, alomenos de xeito presencial. Calquera iniciativa neste eido potenciará o uso das ferramentas TIC.
Saídas didácticas	<ul style="list-style-type: none"> • Evitaranse as saídas didácticas, así como as charlas no propio centro. Substituiranse, en todo caso, por actividades de tipo virtual.

Durante as dúas primeiras xornadas (xoves 10 e venres 11 de setembro) producirase unha **entrada escalonada** que afectará tanto ós grupos coma ós horarios:

	Xoves 10	Venres 11
Educación Infantil 3 anos A	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación
Educación Infantil 3 anos B	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación	Segundo o horario establecido no Período de Adaptación
Educación Infantil 4 anos A	09:30	De 08:50 a 09:00
Educación Infantil 4 anos B	09:30	De 08:50 a 09:00
Educación Infantil 5 anos A		09:30
Educación Infantil 5 anos B		09:30
1º de Primaria A	09:00	De 08:50 a 09:00
1º de Primaria B	09:30	De 08:50 a 09:00
2º de Primaria	09:30	De 08:50 a 09:00
3º de Primaria	09:00	De 08:50 a 09:00
4º de Primaria		09:30
5º de Primaria A		09:15
5º de Primaria B		09:15
6º de Primaria		09:30

Dada a importancia de coidar o aspecto emocional do alumnado despois do confinamiento, **o día de acceso ó centro cada grupo permanecerá toda a mañá co seu titor.**

2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.

2.1. Accións preventivas

Evitar aglomeracións	<ul style="list-style-type: none">• Distribución das entradas e saídas do recinto a través de catro accesos distintos• Asignación de rutas de acceso ás aulas a través de catro itinerarios en Educación Primaria e tres en Educación Infantil• Dúas quendas de recreo: Educación Infantil e Educación Primaria• Establecer a Hora de Lecer en Primaria, con adaptacións dos tempos adicados a:<ul style="list-style-type: none">○ Aseo / Merenda○ Hora de Ler○ Patiopara conseguir espazos exclusivos de lecer para cada aula• Espazos de patio asignados a cada aula de xeito individualizado, contemplando tamén a posibilidade de días de chuvia• Delimitación de aforo nos aseos• Establecemento de aseos de uso exclusivo para as aulas de 1º, 2º e 3º de Primaria
Distancia social	<ul style="list-style-type: none">• Distribución de mesas e cadeiras de xeito que se manteñan as distancias estipuladas, seguindo tres modelos:<ul style="list-style-type: none">○ Disposición tradicional: mesas individuais mirando ó encerado○ Distribución cooperativa 1: illas de catro mesas en ringleira co alumnado encarado en zig-zag○ Distribución cooperativa2: illas de catro mesas con disposición en flor ou en cadrado• Sinalización das distancias de seguridade na sinalización de chan dos corredores, tramos de escaleira e accesos ó centro.

Responsabilidade individual	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado: realización do autotest antes de acudir ó centro • Familias: compromiso de non enviar ós fillos/as á escola en caso de presentar síntomas compatibles con COVID: <ul style="list-style-type: none"> ○ Comprobación de temperatura: igual ou superior a 37,5° ○ Tose seca ○ Dificultade respiratoria ○ Perda de olfacto ou gusto ○ Dor muscular ○ Fatiga severa ○ Diarrea • Profesorado, familias e persoal do centro: non acudir en caso de contacto con persoas diagnosticadas con COVID e comunicación ó centro.
------------------------------------	---

2.2. Hixiene

Medidas hixiénicas no centro	<ul style="list-style-type: none"> • Incorporación de persoal de limpeza en quenda de mañá • Desinfección de aseos tres veces na mañá (con checklist en cada aseo) • Ventilación frecuente de aulas (con checklist en cada aula) • Desinfección de elementos de uso común (pomos, pasamáns...) • Retirada de residuos das aulas e aseos
Medidas de hixiene persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Limpeza e desinfección de mans alomenos cinco veces ó día: <ul style="list-style-type: none"> ○ Ó entrar á escola ○ Antes e despois de merendar ou comer ○ Ó volver do recreo ○ Antes de saír ○ Despois de empregar o aseo • Para iso, haberá dispensadores de xabón líquido nos aseos e de hidroxel nas aulas. • Adquirir hábitos como: <ul style="list-style-type: none"> ○ Tusir ou esberrar contra o cóbado ○ Evitar tocar a cara ○ Levar obxectos á boca • Aprender a usar correctamente as máscaras
Medidas de responsabilidade individual	<ul style="list-style-type: none"> • Creación de hábitos de limpeza de material de uso común ou individual por parte de alumnado e profesorado: <ul style="list-style-type: none"> ○ Limpeza de pantallas, ratos e teclados antes e despois do uso de ordenadores ○ Limpeza de postos e útiles de traballo ó remate da mañá • Almacenamento dos materiais e útiles de traballo individual nos contedores persoais de cada alumno ó remate da mañá • Para tales funcións contarase con: <ul style="list-style-type: none"> ○ Xel hidroalcohólica en todas as aulas e espazos comúns ○ Xabón nos aseos e botiquíns ○ Panos desbotables en todas as aulas e espazos comúns ○ Solución desinfectante nas aulas e espazos comúns

2.3. Protección

Uso de máscara	<ul style="list-style-type: none">• Obrigatorio para todo o persoal docente e non docente• Obrigatorio para todo o alumnado de Primaria (incluídos aulas, patios de recreo, corredores e aseos)• Obrigatorio en Educación Infantil nos espazos comúns:<ul style="list-style-type: none">○ Corredores○ Entradas○ Saídas○ Patios de recreo• Altamente recomendable nas aulas para alumnado de Educación Infantil
Pantallas	<ul style="list-style-type: none">• Naquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible• Para a atención de persoas con discapacidade auditiva
Mamparas	<ul style="list-style-type: none">• Para a atención de trámites administrativos en Secretaría e Conserxería

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado, de cara ó desenvolvemento da modalidade de ensino presencial

A experiencia vivida durante o confinamento, no que respecta á xestión das aulas virtuais, hai que considerala satisfactoria, tendo en conta as circunstancias e o pouco tempo en que foron creadas. Sen embargo, unha análise máis fonda da mesma permítenos percibir que a proposta feita daquela resultaría inviable de xestionar para as familias, para o alumnado e para o profesorado, de extenderse no tempo.

Constatamos, por outra banda, as escasas competencias TIC do noso alumnado, e as dificultades dalgunhas familias para acompañalo nunha aprendizaxe baseada en medios tecnolóxicos.

Por tal motivo, parécenos esencial dotar a alumnado e familias de ferramentas e contidos para abordar un traballo dende as aulas virtuais dende o momento en que comece o curso.

3.1. Ferramentas para a comunicación coas familias

Páxina web	Será a canle oficial de comunicación entre a escola e a comunidade educativa
Abalarmóbil	Recoméndase a descarga desta aplicación entre as familias. Será a canle de comunicación principal co titor/a e de envío de novas a grupos ou individuos.
Correo electrónico	Vía axeitada de comunicación para solicitar xestións ou trámites. ceip.castelao.vigo@edu.xunta.gal
Teléfono	Canle para a comunicación directa e inmediata. Prégase non abusar desta canle a menos que se trate dunha urxencia: 886.120.253 Teléfono COVID: única canle para a comunicación de incidencias relacionadas coa evolución da pandemia: 698.173.422
Cisco - Webex	Plataforma para videoconferencias.

3.2. Ferramentas para a aprendizaxe

Aula Virtual	<ul style="list-style-type: none">• Canle oficial para o seguimento da docencia.• Acceso a través da páxina web.• Na propia Aula Virtual xestionarase o acceso a outras ferramentas:<ul style="list-style-type: none">• blog (Educación Infantil)• EVA - Edixgal (5º e 6º de Primaria)• A través desta plataforma poderase:<ul style="list-style-type: none">• Enviar tarefas• Cualificar as tarefas• Enviar comunicacións por mensaxería interna
Contas de correo electrónico	<ul style="list-style-type: none">• Asignarase unha conta de correo a cada alumno/a de Primaria.• A través desta crearanse os usuarios e contrasinais da Aula Virtual.• Emprego das funcionalidades das contas de correo: creación de documentos na nube (a partir de 3º de Primaria)
EVA - Edixgal	Plataforma de estudo para o alumnado de 5º e 6º de Primaria
Blogs	<ul style="list-style-type: none">• Canle de publicación das tarefas realizadas polo alumnado nas propias aulas, nas especialidades ou na Biblioteca.• Ferramenta de traballo de aulas e especialidades.
Cisco-Webex	Plataforma de videoconferencias.

3.3. Proposta didáctica

Nos primeiros días, o Equipo Directivo organizará unha unidade didáctica para as aulas de Primaria que terá por finalidade:

- introducirse no coñecemento da Aula Virtual
- reforzar as rutinas de prevención e protección

De cara á xestión dunha posible fase non presencial do ensino procurarase:

- Que o profesorado de ciclo - nivel traballe de xeito conxunto na formulación de unidades didácticas de carácter quincenal que rematen na proposta dunha tarefa final;
- O Equipo Biblio-TAC suxestionará unha estrutura que cohesione a presentación dos contidos en todos os niveis da Educación Primaria;
- O Equipo Biblio-TAC colaborará co profesorado na realización das tarefas, xa sexa a través da creación de tutoriais, na suxestión de aplicacións ou en desdobres para reforzar as competencias dixitais do alumnado.
- Potenciarase o uso das aulas virtuais como ferramenta principal de traballo, xa sexa no ensino presencial coma no non presencial, evitando o traslado de libros ou materiais didácticos da escola a casa e de casa á escola.

3.4. Proposta para as familias

- Antes do comezo do curso, o Equipo Directivo enviará ás familias un formulario para coñecer as ferramentas dixitais dispoñibles no fogar, así como os seus coñecementos tecnolóxicos.
- Conscientes de que o alumnado de menor idade precisará da compañía das familias, crearanse sinxelos tutoriais para o acceso ós distintos contidos.
- Cabe a posibilidade, na medida en que as circunstancias o permitan, de ofertar algún curso formativo para as familias.

4. Atención ós aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

Este curso volveremos á escola despois de máis dun mes de estado de alarma, e de vivir situacións difíciles derivadas do confinamento. Neste contexto faise tan necesaria a formación nos protocolos sanitarios como recuperar o estado emocional, alterado polo encerro e a incertidume.

O equilibrio emocional é fundamental para o desenvolvemento dunha boa aprendizaxe. Con esta convicción imos adicar un apartado especial ó ámbito socioemocional, coa finalidade de reducir e amortiguar o impacto producido pola crise do COVID-19 e facilitar a incorporación á contorna escolar.

Os destinatarios deste apartado son todos os compoñentes da Comunidade Educativa: alumnado, profesorado, familias e persoal non docente. Máis que nunca cómpre proporcionar unha boa acollida a toda a Comunidade, tratando as experiencias vividas, o estado emocional, a perda e as habilidades sociais.

Volveremos diferentes, cunha mochila de experiencias. Algunhas duras, quizais relacionadas con perdas. Aínda estamos en proceso de adaptación.

Necesitamos espazos de seguridade e confianza na escola para poder falar de todas as experiencias vividas.

Neste sentido, e tendo moi presente a experiencia de confinamento do curso anterior teremos en conta o seguinte:

4.1. Obxectivos

Área emocional	<ol style="list-style-type: none">1. Facilitar a expresión das emocións vividas no período previo á incorporación ao centro.2. Axudar a regular as emocións no novo contexto de distanciamento social.3. Aproveitar e potenciar as capacidades resilientes da comunidade educativa como factor protector ante o impacto experimentado pola pandemia.4. Desenvolver o pensamento positivo e a busca de solucións ou alternativas a este problema, que minoren o noso malestar e desenvolvan a resistencia e a capacidade de adaptación.
Área sociofamiliar	<ol style="list-style-type: none">1. Colaborar no desenvolvemento de competencias emocionais nas familias.2. Fortalecer o papel da familia no soporte emocional e educativo dos seus fillos e fillas.3. Detectar ao alumnado en situación de desvantaxe socio-económica para planificar posteriores actuacións no ámbito educativo que axuden a compensar as súas necesidades.4. Acompañar ás familias que sufrieron a enfermidade ou a perda dun ser querido.5. Orientar, informar e derivar a aquelas familias en situacións máis vulnerabeis a servizos Sociais ou outros profesionais.
Área educativa	<ol style="list-style-type: none">A. Desenvolver e potenciar as competencias emocionais e resilientes necesarias na comunidade educativa durante o proceso de volta ás clases.B. Axudar e orientar á comunidade educativa na aplicación didáctica das medidas sanitarias a observar, facendo do centro educativo un espazo seguro e acolledor que fomente o benestar e a saúde.C. Verificar as carencias que se producen para dar unha resposta axustada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.D. Desenvolver competencias no profesorado para conecar o currículo coas habilidades de vida flexibilizando os plans de ensino/aprendizaxe.E. Dotar de recursos organizativos e competenciais ao profesorado para posibilitar a reconstrución positiva desta situación.F. Concienciar á comunidade educativa sobre o impacto que as medidas adoptadas a nivel educativo polo COVID-19 teñan podido causar na situación académica do alumnado.G.

4.2. Metodoloxía

Fase inicial	<ul style="list-style-type: none"> • O Equipo COVID formado pola Directora, Secretaría e a Orientadora levarán a cabo unha formación específica e informarán ao resto da Comunidade Educativa.
Simultaneamente	<ul style="list-style-type: none"> • Durante os primeiros días realizaranse actividades co alumnado. Tanto dende o Equipo Directivo como dende o Departamento de Orientación facilitarase a realización das mesmas dentro da dinámica do centro.
Conxuntamente	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades formativas informativas coas familias

Equipo Directivo	<ul style="list-style-type: none"> • Constitución do Equipo COVID • Boas prácticas e organización inicial. • Actividades de encontro para o claustro
Departamento de Orientación	<p>A orientadora e as especialistas na Atención á diversidade (mestra de A.L e mestra de P.T) tendrán un papel relevante.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Orientadora: <ol style="list-style-type: none"> 1. Contactos coas familias do alumnado con maiores dificultades. 2. Posta en marcha de actividades con algúns alumnos/as. 3. Cooperación co Grupo de Traballo COVID no Plan de apoio socioemocional. 4. Derivación a servizos especializados, se procede. 5. Seguimento do alumnado • Especialistas en P.T e A.L <ol style="list-style-type: none"> 1. Participación nas reunións do Departamento de Orientación. 2. Colaboración coas titoras na posta en marcha das actividades do primeiro día en grupos co alumnado acneas. 3. Actividades especializadas de afrontamento de medos, nerviosismo e perda e/ou dó. 4. Colaboración coa orientadora para: <ol style="list-style-type: none"> a) Recollida de información para derivación servizos externos. b) Comunicación fluída coas familias.

4.3. Recursos e actividades socioemocionais

Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> • Recursos para a actuación coas familias: <ol style="list-style-type: none"> 1. Pautas de comunicación non presencial, confidencialidade e escoita activa 2. Pautas de comunicación presencial. 3. Reunión inicial coas familias do grupo aula. • Recursos para a actuación co alumnado: <ol style="list-style-type: none"> 1. Detección alumnado vulnerable da aula e derivación ao D.O. 2. Orientación para a xestión do grupo: actitude na comunicación, escoita activa, coidar a expresión e a linguaxe, flexibilidade na organización das tarefas, atención ao alumnado en risco.
Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de acollida socioemocional do primeiro día. • Actividades de seguimento.
Actuacións coas familias	<ul style="list-style-type: none"> • Carta de benvida ás familias. • Orientacións para facilitar a incorporación dos seus fillos e fillas. • Como axudar aos seus fillos no cumprimento das medidas sanitarias.

4.4. Período de adaptación curso 2020/2021

Dividirase ó alumnado de cada aula en catro grupos cun horario diferenciado:

	Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
XOVES 10/09	De 9:15 a 9:45	De 10:15 a 10:45	De 11:15 a 11:45	De 12:15 a 12:45
VENRES 11/09	De 9:15 a 10:15	De 9:15 a 10:15	De 11:15 a 12:15	De 11:15 a 12:15
LUNS 14/09	De 9:15 a 10:15	De 9:15 a 10:15	De 11:15 a 12:15	De 11:15 a 12:15
MARTES 15/09	De 9:15 a 10:45	De 11:15 a 12:45	De 9:15 a 10:45	De 11:15 a 12:45
MÉRCORES 16/09	De 11:30 a 13:30	De 9:15 a 11:15	De 9:15 a 11:15	De 11:30 a 13:30
XOVES 17/09	De 11:30 a 13:30	De 11:30 a 13:30	De 9:15 a 11:15	De 9:15 a 11:15
VENRES 18/09	De 9:15 a 12:15	De 9:15 a 12:15	De 9:15 a 12:15	De 9:15 a 12:15
LUNS 21/09	De 9:15 a 12:15	De 9:15 a 12:15	De 9:15 a 12:15	De 9:15 a 12:15
MARTES 22/09	De 9:15 a 13:15	De 9:15 a 13:15	De 9:15 a 13:15	De 9:15 a 13:15
MÉRCORES 23/09	De 9:15 a 13:50	De 9:15 a 13:50	De 9:15 a 13:50	De 9:15 a 13:50

4.5. Reunións coas familias dos grupos estables para a difusión do Plan de Adaptación.

Coa intención de explicar ás familias estas novidades, programaranse unhas reunións informativas por niveis. Terán lugar no patio cuberto de Educación Infantil, e contarán con estas normas de seguridade:

- Só asistirá un membro por familia.
- As cadeiras estarán separadas como mínimo por 1,5 metros.
- Os asistentes deberán portar máscara dende a súa entrada ó recinto.
- Estas reunións terán unha duración máxima de 45 minutos.

Educación Infantil 3 anos A	Xoves 3 de setembro	17:00
Educación Infantil 3 anos B	Venres 4 de setembro	17:00
Educación Infantil 4 anos A	Luns 7 de setembro	16:30 a 17:15
Educación Infantil 4 anos B	Luns 7 de setembro	17:45 a 18:30
Educación Infantil 5 anos A	Martes 8 de setembro	16:30 a 17:15
Educación Infantil 5 anos B	Martes 8 de setembro	17:45 a 18:30
1º de Primaria A	Mércores 9 de setembro	16:30 a 17:15
1º de Primaria B	Mércores 9 de setembro	17:45 a 18:30
2º de Primaria	Venres 11 de setembro	16:30 a 17:15
3º de Primaria	Venres 11 de setembro	17:45 a 18:30
4º de Primaria	Luns 14 de setembro	16:30 a 17:15
5º de Primaria (A e B)	Luns 14 de setembro	17:45 a 18:30
6º de Primaria	Martes 15 de setembro	16:30 a 17:15